

Intervención do presidente do Parlamento de Galicia no xantar-coloquio organizado polo Círculo de Empresarios de Galicia

Un Parlamento aberto á sociedade e á empresa de Galicia

Vigo, 28/10/2019

Presidenta do Círculo de Empresarios de Galicia,

Autoridades, socias e socios do Círculo de Empresarios,

Señoras e señores:

Permítanme expresar, en primeiro lugar, o meu agradecemento ao Círculo de Empresarios de Galicia, e á súa presidenta, por esta invitación que se me formula para compartir con todas e todos vostedes algunhas reflexións relacionadas coa institución que teño a honra de presidir, o Parlamento de Galicia.

Grazas, por suposto, a Josefina Fernández Miguélez, pola presentación que acaba de facer. É evidente que amizade que compartimos desde hai moito tempo distorsiona, para mellor, a súa percepción da realidade; xa me gustaría a min responder á descrición que acaba de facer.

Grazas, Chefi, polas túas palabras e polo teu traballo. Un traballo de moita responsabilidade á fronte dun grupo empresarial punteiro, pero tamén moita sensibilidade respecto aos maiores que coidades con mimo nos centros que xestionas; e moita visión empresarial convertendo unha necesidade –o coidado dos nosos maiores– nunha oportunidade de negocio e de emprego. Galicia precisa moitas mulleres coma ti

Galicia, afortunadamente, é unha comunidade bilingüe —bilingüismo oficial e bilingüismo real, cordial— na que cadaquén pode expresarse no idioma que considere, sen máis límites que a capacidade de comprensión dos nosos interlocutores.

Usarei nesta intervención, como utilizo decote na miña vida diaria, o idioma galego, porque nacín e me criei no seo dunha familia profundamente galeguista, tan galeguista como demócrata; e porque como presidente do Parlamento creo honestamente que teño a obriga de me expresar nesta lingua, a dos nosos maiores e pola que tanto se esforzaron moitos dos nosos devanceiros.

Pero do mesmo xeito que fago uso do meu dereito a expresarme en galego, nada me desgustaría máis que calquera de vostedes, no coloquio posterior, empregue unha lingua diferente á que utilizan no seu día a día. Esa é a riqueza do bilingüismo cordial que practicamos e do que nos sentimos orgullosos os galegos: a liberdade de elección.

Un bilingüismo —e co seu permiso farei un breve paréntese— que aos galegos nos abre as portas do medio mundo: as dos 500 millóns de persoas que falan castelán e as dos arredor de 250 millóns que falan portugués.

Non é casualidade, por tanto —e con isto enlace co asunto que nos ocupa—, que o Parlamento de Galicia aprobase por unanimidade, en marzo de 2014, a Lei Valentín Paz Andrade para o aproveitamento da lingua portuguesa e os vínculos coa lusofonía.

Esta lei, que honra a memoria dun ilustre galeguista vigués, xurdiu dunha iniciativa legislativa popular, orientada precisamente a tirar proveito da intercomprensibilidade das linguas galega e portuguesa. Falo dun asunto non menor, de especial transcendencia nunha cidade coma Vigo, pola nosa proximidade, polos tradicionais intercambios co país veciño e polo enorme potencial económico e de todo tipo que encerran as relacións con Portugal.

Neste contexto, levamos materializado xa diferentes proxectos de cooperación cos nosos veciños portugueses, unha liña de traballo que

pretendemos continuar levando á práctica, de maneira especial coa Asemblea Lexislativa dos Azores. Malia a distancia que nos separa, son moitos os intereses compartidos por Galicia e os Azores en ámbitos como o pesqueiro e naval, as actividades náuticas, a cultura ou o turismo.

Son moitas as razóns que me animan a acudir a este foro, malia que hai tres que sobresaen sobre o resto:

- Incrementar a visibilidade da institución que me honro en presidir e divulgar o traballo que estamos levando a cabo, co dobre obxectivo de que a cidadanía coñeza de primeira man as funcións do poder lexislativo, pero fundamentalmente para contribuír de xeito modesto a situar o Parlamento no lugar que lle corresponde como primeira institución da Comunidade, como pedra angular do noso sistema democrático.
- A posibilidade de escoitar o parecer de cada un de vostedes en relación co funcionamento da Cámara galega, xa que para que algo funcione correctamente debe escoitar sempre o parecer dos demais, especialmente cando se trata de asuntos públicos
- E tamén, por suposto, reiterar o papel protagonista, indispensable, dos empresarios, dos autónomos e dos emprendedores na Galicia contemporánea.

Vanme permitir que debulle telegraficamente algúns dos asuntos nos que o Parlamento de Galicia vén traballando nos últimos tempos:

Un dos obxectivos fundamentais que nos marcamos ao inicio desta lexislatura pasa, como xa adiantei, por contribuír a que a sociedade galega coñeza un pouco mellor o seu Parlamento. Por iso potenciamos o programa de visitas guiadas á institución, introducindo novidades que van máis aló do simbolismo dunha xornada anual de portas abertas. Agora temos portas abertas todos os luns.

Que a sociedade galega coñeza mellor o Parlamento permitirá, seguramente, superar a confusión que agora se produce con frecuencia entre poder legislativo (Parlamento) e poder executivo (Xunta). Para superar esta realidade, puxemos en marcha un programa denominado *Coñece as túas institucións* e orientado ao alumnado de 5º e 6º de Primaria e 1º e 2º de ESO, matriculado en centros públicos da Comunidade Autónoma. A iniciativa comeza na aula, onde o alumnado traballa cunha guía didáctica sobre as competencias diferenciadas de Xunta e Parlamento, e complétase cunha visita ás sedes de cada unha das institucións (o Pazo do Hórreo e o Complexo de San Caetano), na que, da man de guías experimentados, reciben completa información sobre o funcionamento de Xunta e Parlamento, e sobre as funcións diferenciadas que teñen encomendadas. O desprazamento dos escolares corre por conta das institucións, de maneira que non repercute no orzamento dos centros nin na economía das familias.

Para afianzar este coñecemento efectivo entre os máis novos, e divulgar as diferentes modalidades de participación cidadá que ofrece a Cámara, impulsamos tamén un programa de charlas divulgativas impartidas por ex-deputados e ex-deputadas da Cámara nos propios centros, afastadas da confrontación política cotiá. O que comezou como unha experiencia orientada ao alumnado de Bacharelato, esténdese agora desde a ESO á Universidade, cunha crecente aceptación entre a comunidade educativa.

Faleilles xa brevemente dos proxectos de cooperación con Portugal, que puidemos iniciar grazas á nosa participación en órganos como a CALRE (Conferencia de Asembleas Legislativas Rexionais de Europa) ou a COPREPA (Conferencia de Presidentes de Parlamentos Autonómicos). Estas dúas organizacións canalizan a actividade do Legislativo alén da propia Comunidade Autónoma, sempre desde a lealdade institucional ás restantes estruturas do Estado. Dentro desa necesaria lealdade, que non todos entenderon sempre correctamente, o Parlamento pode e debe abrir portas en áreas de interese para Galicia no ámbito da denominada diplomacia parlamentaria, de longa tradición en países da nosa contorna.

Traballamos, agora, na elaboración dun plan director do edificio, que neste mes de outubro acaba de cumprir 30 anos como sede do Parlamento de Galicia. Un plan director necesario para adaptar a sede a novas necesidades, tanto no ámbito da tecnoloxía como da eficiencia enerxética, e tamén, por suposto, para mellorar a accesibilidade da sede lexislativa.

Poucas persoas comprenderán mellor ca vostedes, empresarias e empresarios familiarizados coa xestión dos recursos humanos, a importancia dunha axeitada política de persoal para o correcto funcionamento de calquera organización. Nesa dinámica, o Parlamento de Galicia está a avanzar na incorporación de persoas con discapacidade e na implantación de medidas orientadas a facilitar a conciliación da vida laboral e familiar. Toca pensar non só no coidado dos fillos, senón tamén das persoas maiores a cargo.

Despois de anos de limitacións derivadas da crise, aprobamos recentemente unha oferta pública de emprego que inclúe prazas de convocatoria aberta.

O Estatuto de Autonomía de Galicia sinala, no seu artigo 1.2 que «a Comunidade Autónoma, a través de institucións democráticas, asume como tarefa principal a defensa da identidade de Galicia e dos seus intereses, e a promoción da solidariedade entre todos cantos integran o pobo galego».

Esta óptica é a que enfoca todo o labor lexislativo, de control e impulso da acción de Goberno que desenvolve o Parlamento como funcións propias. Non obstante, desde a Presidencia da Cámara impulsamos tamén accións concretas no ámbito da sensibilización, medidas que poden ter un carácter simbólico, dado o escaso alcance dos recursos dispoñibles, mais xorden con vocación exemplarizante, coa esperanza de que outros ensanchen esa senda.

Refírome aos acordos de colaboración formalizados entre o Parlamento de Galicia e entidades que traballan no ámbito da discapacidade ou inclusión social, para impulsar a concienciación ou explorar novas

posibilidades en materia de contratación pública ou integración nas súas diferentes vertentes en distintos puntos da Comunidade.

Apostamos pola defensa da identidade galega, cunha lingua e unha cultura de seu, e tamén polo coñecemento da nosa historia, o que nos levou a deseñar unha axenda cultural propia, modesta en recursos mais ambiciosa nos seus obxectivos.

Refírome a xornadas como as dedicadas a Domingo Fontán ou a Xaquín Lorenzo, Xocas; sobre a Constitución e o Estatuto de Autonomía, sobre a incidencia da adhesión á Unión Europea, de concienciación contra a pobreza, de promoción de hábitos de vida saudable e aspectos relacionados coa prevención e promoción da saúde.

E pododo referirme, ademais, a publicacións como as *Normas institucionais de Galicia*, a serie sobre os discursos parlamentarios dos presidentes da Xunta, as Reseñas biográficas das deputadas e deputados da Cámara, o Anecdótico do Parlamento de Galicia, sobre os Símbolos de Galicia, ou sobre figuras senlleiras da nosa historia, como Isabel Zendal ou Portela Valladares.

O Parlamento de Galicia custodia e exhibe unha valiosa e variada colección de arte galega contemporánea, unha das mellores do sector público autonómico. Son máis de 300 obras (pintura e escultura, fundamentalmente, pero tamén fotografía, medallas, reposteiros...). Unhas pezas son propiedade e outras están en depósito; todas catalogadas e xestionadas con criterios museolóxicos. En breve presentaremos un completo catálogo delas co obxectivo último de contribuír a un mellor coñecemento do universo artístico galego.

Cando comecei a miña intervención falei de que estar aquí hoxe me permite escoitar o parecer de cada un de vostedes en relación co funcionamento da Cámara galega, xa que para que algo funcione correctamente resulta preciso escoitar, sempre, o parecer dos demais, especialmente cando se trata de asuntos públicos.

Sendo estritos, a Cámara galega ten posta a énfase en converterse nun referente no ámbito da participación cidadá .

Porque de nada serviría legislar sobre tal ou cal cuestión sen ter en conta as necesidades e o parecer dos diferentes axentes sociais, especialmente os directamente afectados por cada proxecto legislativo.

Nese sentido, e con independencia do trámite de audiencia e das diferentes consultas efectuadas polo Executivo durante o proceso de elaboración dos anteproxectos de lei, o Legislativo autonómico reforzou e blindou, a través dunha lei específica, a participación cidadá no Parlamento de Galicia, de maneira que calquera persoa ou colectivo teña ocasión de formular propostas ou suxestións durante o trámite parlamentario, amén de facilitar procedementos como a iniciativa popular, o impulso ou o control da acción de Goberno.

As novas facilidades para a participación cidadá na actividade parlamentaria enlazan coa política de apertura da institución que me marquei como obxectivo nada máis asumir a Presidencia da Cámara. Posibilidades que se complementan cunha clara aposta polas tecnoloxías da información e a comunicación (TIC), non só limitándonos á obrigada presenza da institución na web ou en redes sociais, senón implantando medidas innovadoras como a apertura da sede electrónica do Parlamento.

Esta sede electrónica converteunos na primeira cámara legislativa de España na que un cidadán poder realizar calquera trámite de xeito electrónico, o que achega a institución aos galegos e galegas con independencia do seu lugar de residencia e, por suposto, evita a necesidade de desprazarse a Santiago de Compostela para rexistrar calquera documento relacionado cun proceso parlamentario, ou coa Administración parlamentaria.

Falei tamén ao comezo de que a miña presenza aquí quería resaltar o papel protagonista do empresariado galego.

Aínda que quen lles fala é un funcionario público que exerceu sempre nese ámbito, son plenamente consciente de que nada do que España

e Galicia son na actualidade, nin do que seremos no futuro, será posible sen a empresa privada.

É por iso polo que non me importa recoñecer o profundo desacougo que me producen algunhas declaracións que escoitamos de cando en vez desdeñando o labor do empresariado, ao tempo que me causa admiración a mentalidade, o espírito e a cultura de emprendemento que se cultiva sen cesar, en todos os ámbitos, en países que a todos nos veñen á memoria.

Sen irmos máis lonxe, e para circunscribir o debate ao meu actual ámbito competencial, debo recoñecer que, tanto agora coma no pasado, a presenza de empresarios, autónomos ou emprendedores no arco parlamentario é francamente escasa, sempre inferior, en calquera caso, ao seu peso na economía e na sociedade do país. Coñezo menos a composición das Cortes Xerais nas diferentes legislaturas, mais temo non equivocarme se afirmo que a situación é semellante ou só lixeiramente mellor que a descrita respecto a Galicia.

Sexa como for, e salvando as distancias, a xestión ordinaria da Administración parlamentaria presenta notables semellanzas coa da empresa privada. Trátase de recursos públicos, é dicir, recursos que son de todos e que, polo tanto, temos a obriga de xestionar cun rigor absoluto.

Somos un parlamento eficaz, que exerce satisfactoriamente as funcións que ten encomendadas, conforme co marco legal establecido. No Parlamento de Galicia nunca sucederá o que pasou en Cataluña, porque respectamos a lei e seguimos ao pé da letra as indicacións dos nosos servizos xurídicos.

Somos un parlamento eficiente, porque cumprimos coas nosas obrigas a un custo razoable, ata o punto de que nos situamos entre os parlamentos máis baratos de España, e desde logo, e con moita diferenza, o máis barato de entre as denominadas comunidades históricas.

Sirvan como exemplo algúns apuntamentos como os que vou sinalar:

- Somos o sexto parlamento autonómico máis barato, tomando como referencia o custo medio por deputado (resultado de dividir o orzamento total entre o número de deputados). O custo medio por deputado en Galicia sitúase en 238.853 euros, cifra duplicada amplamente por Cataluña (453.177€), seguido do País Vasco, con igual número de deputados ca nós (414.666€), Andalucía, Canarias, Asturias, Navarra, Valencia, Aragón,... e así sucesivamente.
- E somos tamén o Parlamento que máis traballa. Podemos tomar como referencia o número de horas de debate en Pleno (por ser o órgano no que conflúen as principais decisións), no que superamos amplamente ás demais cámaras autonómicas.
- Desde o inicio da actual lexislatura ata setembro deste ano, o Parlamento de Galicia suma 861 horas, seguido do Parlamento de Andalucía (742 horas), o Parlamento de Cataluña (699 horas) e o Parlamento Vasco (674 horas).
- Somos tamén un Parlamento de consensos, aínda que o consenso non sempre sexa noticia. Refiro dous exemplos que acreditan que o consenso é unha realidade fecunda da que non sempre se fala:
 - O 35,7 % das proposicións non de lei aprobadas en Pleno durante o ano 2018 contaron co apoio unánime da Cámara.
 - A unanimidade acadou o 67,6 % das proposicións non de lei aprobadas en comisión durante o mesmo exercicio.

- Busca de consensos e colaboración institucional poden e deben ser a clave de bóveda de calquera sistema democrático, como están a demostrar as institucións autonómicas galegas e como o viñeron demostrando desde os seus inicios, mesmo para poñer en marcha a actual sede do Parlamento inaugurada hai agora 30 anos. Maioría absoluta non pode nin debe equivaler xamais a maioría esmagadora. De feito, arredor do 80 % das iniciativas que se debaten en calquera pleno da Cámara son impulsadas polos grupos da oposición. Unha realidade constatable que moito me temo non se repite noutros ámbitos competenciais.
- E somos, obviamente, un Parlamento que se esforza en comportarse como o que é, a primeira institución de Galicia. Os galegos somos xente de orde, de trato correcto, sempre respectuosos cos nosos semellantes. Por iso, a ninguén debe estrañar a existencia e a aplicación de normas que regulan o funcionamento ordinario da institución; normas semellantes ás que existen, estou seguro, nas súas empresas e sen as que resultaría imposible desenvolver as tarefas cotiás.
- Ao longo da súa historia (foi constituído o 19 de decembro e 1981, hai preto de 38 anos), o Parlamento de Galicia leva aprobado 416 leis, un extenso corpus legislativo do que eu destacaría a súa calidade. Porque, a xuízo de quen lles fala, o importante non é tanto facer moitas leis, como facer boas leis. E creo, honestamente, que o Parlamento de Galicia elabora boas leis. Boas leis que, ademais de técnica xurídica e capacidade de acordo entre os diferentes grupos parlamentarios, precisan tamén do coñecemento da realidade, da pulsión e do apoio social.

Co obxectivo de poñer en valor todo ese traballo legislativo levamos a cabo un ambicioso proxecto denominado **lex.gal** e tamén pioneiro no

ámbito do Estado. Centralizado no Parlamento, este traballo contou coa colaboración da Universidade de Santiago de Compostela e a Xunta de Galicia, a través das consellerías de Presidencia e de Cultura, e permitiu poñer en rede e de balde —de novo unha clara aposta polas TIC— todo o corpus legislativo en textos consolidados.

Recompiláronse non só as leis, senón tamén os decretos da Xunta, o que supón unha fonte de gran utilidade para xuristas ou especialistas en distintas materias, pero tamén para calquera cidadán que precise consultar o texto en vigor da normativa galega. Un traballo que se complementou coa publicación dun libro que recolle as Normas institucionais de Galicia e que en vindeiras datas nos propoñemos ampliar con outras novas recompilacións normativas en papel.

Deixeime levar polo espírito empresarial e o que acabo de facer é un claro balance de xestión, se me permiten esta chanza, pero creo que é de xustiza aproveitar foros coma este para poñer en valor o moito que se está facendo, seguramente sempre insuficiente. Pero convén deixar claro o notable esforzo e empeño que estamos a realizar para poñer o noso Parlamento no lugar que se merece, despois de case 40 anos de existencia e de traballo por e para Galicia.

Levo durante toda a miña intervención falando de política de apertura e de coñecemento recíproco que, aproveitando esta ocasión que se me brinda, me gustaría reforzar co empresariado, os autónomos e os emprendedores galegos, aos que convido formalmente a compartir as súas inquiredanzas e trasladar a súa realidade ás deputadas e deputados do Parlamento de Galicia.

Dispoñemos, como xa dixen antes, de mecanismos de participación para canalizar esta interlocución e animo a todos vostedes a utilizalos; pero quedo desde xa á súa disposición para explorar calquera outra vía que permita intensificar esa relación, imprescindible desde calquera óptica. Penso que sería moi positivo contar con fórmulas que permitan canalizar dun xeito mais institucional a necesaria relación entre todo o tecido empresarial galego e os deputados e deputadas do Parlamento de Galicia.

Propóñolles articular un PROGRAMA EMPRESA-PARLAMENTO, ou como queiramos denominalo. Porque, máis aló dos nomes, o importante é o traballo conxunto e a interlocución fluída que beneficie a empresa, a economía e a sociedade galega.

Referinme xa aos convenios de colaboración asinados entre o Parlamento de Galicia e diferentes entidades e organizacións que traballan no ámbito da discapacidade coa vista posta en incrementar a sensibilidade, intercambiar experiencias e articular asesoramento especializado cando este sexa posible.

Esta é unha posible vía para articular futuros intercambios entre o Legislativo galego e o colectivo empresarial da Comunidade, pero estou seguro de que temos ao noso dispor un extenso universo de posibilidades. Aproveitémolos.

Falamos de posibles convenios, pero poderíamos falar tamén da organización de foros, ora xenéricos, ora especializados, nunha ou noutra rama de actividade; actividades abertas ao público, ou encontros máis reducidos; hoxe no Parlamento, mañá na sede dunha organización sectorial, ou pasado nunha empresa que poda resultar de interese en función da realidade económico-empresarial ou das prioridades parlamentarias en cada momento.

Sexa dun ou doutro xeito, o noso obxectivo –un obxectivo compartido– debe pasar por incentivar a actividade económica, mellorar as condicións para o desenvolvemento da actividade empresarial en Galicia desde unha óptica de estabilidade, previsibilidade e estabilidade xurídica.

Porque tamén deste xeito –contribuíndo a configurar un entorno amigable para a actividade das empresas, dos autónomos e dos emprendedores– estaremos promovendo a xeración de riqueza e de emprego, a única fórmula coñecida, polo de agora, para blindar o noso sistema de benestar, para ter calidade de vida e dispoñer de sanidade, educación, servizos sociais e pensións para todos.

O meu despacho e o meu teléfono —insisto— están sempre abertos para atender esta ou calquera outra cuestión que consideren de interese, porque esa é unha das obrigas de calquera responsable público.

Un maior coñecemento da súa realidade, das súas necesidades e das súas aspiracións por parte das deputadas e deputados do Parlamento de Galicia traducirase —poden dalo por seguro— en leis máis acaídas e máis útiles para o seu día a día e, con iso, para a economía e para a sociedade do país.

Unha interlocución fluída e permanente entre o poder lexislativo e os diferentes axentes sociais, baseada no coñecemento e a confianza recíproca, resultará sempre enriquecedora para todos. Porque, ao fin e ao cabo, a procura do ben común é un obxectivo compartido e ansiado por todos. Estou certo.

Moitas grazas e quedo á súa disposición.